

## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN

ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es T.F: 881880239

A retirada do cueiro é un proceso máis de aprendizaxe que levan a cabo os nenos e nenas no seu proceso madurativo. Para os pais e nais tamén é un proceso de aprendizaxe, xa que debemos axudar aos noso fillos/as a controlar esfínteres. Reflexamos aquí unha serie de orientacións para facilitar este proceso.

A idade á que cada neno ou nena está preparado para o control voluntario do pis e da caca é moi variable. O cueiro débese retirar cando exista un control e madurez vesical e neurolóxica, así coma un nivel de comunicación verbal ou non verbal axeitado para expresar sensacións e necesidades.

Debemos ser pacientes, non forzar a situación, e facer que esta aprendizaxe sexa agradable para eles.

Unha vez iniciado o proceso de retirada de cueiro non debemos voltar cara atrás, aínda que consideremos que nos precipitamos no momento de inicio.

Compre manter unha rutina, orde e horarios fixos, que permitan ao neno/a automatizar o hábito que queremos acadar.

### Estratexias para favorecer o control de esfínteres

- ✓ Debemos transmitir en todo momento naturalidade e tranquilidade.
- ✓ Debemos ser modelo a imitar, e houberon de ver a nenos máis maiores e adultos facer pis e caca no inodoro.
- ✓ Debemos iniciar o proceso a través do xogo: xogar con eles a “ser maiores”, baixarse a roupa, sentarse no inodoro un chisco de tempo, lavarse as mans despois...; tamén xogar con bonecos a facer pis e caca como os maiores, e ler contos ilustrados que traten o control de esfínteres.
- ✓ Debemos proporcionarlles autonomía progresivamente para ir ao baño, debendo empregar roupa cómoda, fácil de subir e baixar.
- ✓ Ensinarlles a recoñecer e nomear as partes do corpo relacionadas coa eliminación da orina e heces, así como de vocabulario necesario para expresar as súas necesidades
- ✓ Preguntarlle varias veces ao longo do día polas gañas de facer “pis/caca”. Observar a presenza de signos de micción ou defecación inminente para axudarlle a ir ao baño e loubar o seu éxito.



### Que entendemos por control de esfínteres?

Proceso de aprendizaxe dos hábitos hixiénicos relacionados coa micción e defecación, que supón o paso dun comportamento reflexo automático a unha conduta voluntaria e controlada.

Un pequeno/a pode controlar esfínteres entre os 18 meses e 3 anos, sendo o máis frecuente ao redor dos dous anos de idade, momento no que existe madurez neurolóxica, vesical e anal, así como nivel de relación e comunicación axeitado cos adultos.

## Procedemento

Recoméndase iniciar o proceso pola retirada do cueiro durante o día, poñendo ao neno/a no penico ou inodoro cada hora ou hora e media, lembrándolle que vai facer pis e felicitándolle se o acadada.

Se o neno controla, pasados uns quince días comezaremos alongando o tempo de sentalo ata cada tres horas. A partir deste momento se lle reforzará cada dúas veces que faga pis, para posteriormente pasar a que o pida cando teña gañas. Reforzar ao final do día.

Unha vez acadado o control diurno poderemos comezar o nocturno, acostumando a que fagan pis antes de ir á cama. Se os primeiros días non aguanta toda a noite seco/a, compre procurar espertalos a media noite para que fagan pis conscientemente no wc.

Para educar o control intestinal recoméndase animar ao neno/a a sentarse no inodoro durante 5 minutos dúas veces ao día: unha vez pola mañá, despois do almorzo e unha segunda vez despois da comida ou cea (antes de deitarse). Proporcionarlle un conto para que permaneza sentado/a.

Unha vez logrado o control debemos iniciar ao neno/a no uso axeitado do wc:

- Subir e baixar a tapa
- Orinar e defecar sen mollarse nin mancharse
- Cortar un pedazo de papel hixiénico para limpase sen mancharse, tirar o papel usado
- Tirar da cadea ou pulsador de auga
- Lavar as mans despois de ir ao baño.

## Non debemos...

- ❖ Ter presa. Cada neno ten o seu ritmo.
- ❖ Ameazarlle, reñerlle, castigalo... cando haxa un escape ou non acade o control.
- ❖ Ridiculizalo nin comparalo con ningún outro neno/a.
- ❖ Forzarlle a empregar o inodoro. Pódese comezar cun penico ou adaptador.

O control de esfínteres é un proceso de madurez polo que debemos reforzar positivamente ao noso fillo/a nas aproximacións do seu dominio voluntario.

## Contos para incitar ao control de esfínteres

- “ADIOS, CACAS, ADIÓS” SERGI CÁMERA.
- “¡ADIOS A LOS PAÑALES!” DANA BENTLEY. COLECCIÓN BARRY.
- “TENGO PIS”. MO WILLEMS.
- “¡CACACA!” INCOLA BAXTER.
- “YA NO LLEVO PAÑALES” VIOLETA DENOUE.
- “¡FUERA PAÑALES!” FIONA WATT.
- “¿Y DESPUÉS DE LOS PAÑALES?” MARIANNE BORGARDT.
- “¡PIPI EN LA HIERBA!” MAGALI BONNIO.

